



## **BASES CONCURSO DECORACIÓN DE NADAL**

O Concello de Vilagarcía de Arousa a través da **Concellería de Promoción Económica**, convoca o

### **I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL DO COMERCIO E HOSTALARÍA DE VILAGARCÍA DE AROUSA.**

A presente convocatoria ten por obxecto promover e incentivar a creatividade comercial do Concello de Vilagarcía de Arousa á hora de presentar os establecementos, facelos máis atractivos aos consumidores/as, reforzando a imaxe dos mesmos e dinamizando o comercio e hostalaría do Municipio.

A temática decorativa estará vinculada ás datas de Nadal, o que contribuirá a crear un ambiente festivo propio destas festas. Dende o Concello premiarase aos negocios que, con motivo da campaña do Nadal 2018, engalanen mellor as fachadas nas que se sitúan os establecementos.

**PRIMEIRO.** Poderán participar no concurso todos os establecementos comerciais do Concello de Vilagarcía de Arousa (comercio retalista, restauración, hostalaría, etc.) que o soliciten formalmente a través sede Electrónica do Concello antes da data límite establecida nas presentes bases.

**SEGUNDO.** A inscrición para participar, formalizarase a través da sede electrónica do Concello ( sede.vilagarcia.gal ) dende o día seguinte á publicación das presentes bases ata o xoves 20 de decembro de 2018.

**TERCEIRO.** Xunto coa solicitude de inscrición é obrigatoria a presentación da seguinte documentación:

- Copia do CIF/NIF do establecemento solicitante
- Certificado de pertencer a algunha das asociacións Centro Comercial Aberto Zona Aberta, AHITUVI ou Asociación de praceiros.

No caso de asociados do Centro Comercial Aberto Zona Aberta, AHITUVI ou Asociación de praceiros, a asociación á que pertencen poderá realizar a inscrición en representación dos asociados que así o soliciten.

**CUARTO.** Formalizada a inscrición no concurso, o Concello facilitará o cartel distintivo de “establecemento participante” que deberá ser colocado en lugar visible da fachada a concurso. Os participantes poderán recoller o distintivo de participación na Concellería de Promoción Económica, a partir do día seguinte da presentación da solicitude.

**QUINTO.** A decoración da fachada deberá centrarse nas FESTAS do NADAL e manterse como mínimo dende do día 20 de decembro ata o 6 de xaneiro de 2019.

Os establecementos participantes deberán enviar un dossier de fotografías (máximo 10) presentando o mesmo a través da Sede Electrónica do Concello ou no seu defecto, será posible entregar un dispositivo USB con ese contido, ás Asociacións de Comerciantes ou ben na propia Concellería.

A data tope para entregar o dossier coas fotografías das creacións será o 5 de xaneiro. Representantes das Asociación de Comerciantes e do Concello visitarán durante o tempo que dura o concurso todos os establecementos participantes. No escaparate deberán ter o cartel acreditativo da súa participación no presente concurso.

**SEXTO.** Criterios de valoración. O tema a desenvolver será sobre o Nadal, deixando total liberdade no tocante á técnica e estilo, valorando os seguintes criterios:

<b>1- FACHADA</b>	
Engalanar toda a fachada do establecemento	3 puntos
Innovación e orixinalidade	3 puntos
Deseño e calidade	3 puntos
<b>2- ASOCIACIÓNS</b>	
Pertencer a unha asociación (Zona Aberta, AHITUVI, Praceiros)	1 punto

**SÉTIMO.** Establécense os seguintes premios:

- Premio á fachada mellor engalanada Comercio retalista : 595 €
- Premio á fachada mellor engalanada Hostalaría: 595 €
- Premio fachada posto mellor engalanado Prazas de Abastos: 595 €

O xurado estará composto por un membro da Asociación de comerciantes Zona Aberta, un membro da Asociación de praceiros e un Membro representante de AHITUVI, un representante do Concello e unha persoa destacada no municipio relacionada coa estética, escenificación, belas artes, designada por Alcaldía. Actuará como Secretario/a un empregado/a municipal.

**OITAVO.** O xurado reunirase no concello de Vilagarcía o venres 11 de xaneiro de 2019, no hora e lugar que se determinen.

Reunido o xurado emitirase o fallo correspondente que será ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local, que fixará a data de entrega de premios que será realizada en acto público.

**NOVENO.** Unha vez emitido o fallo do xurado, os gañadores deberán, aportar certificación bancaria de titularidade da conta no prazo máximo de quince días contados dende o día do outorgamento do premio.

Transcorrido o devandito prazo de 15 días, sen que o establecemento/comerciante premiado/a, aporte a devandita certificación, terase por desistido e renunciado ao premio acadado.

A entrega das cantidades otorgadas en concepto de premio, quedará condicionada á acreditación de non existencia de débedas do participante co Concello de Vilagarcía de Arousa

A inscrición para participar no presente concurso implica a aceptación das presentes bases,